

UD 10. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

1. AS RELACIÓNS INTERNACIONAIS NOS ANOS 30

- Debilidade do sistema de seguridade colectiva construído nos anos 20:
 - * Insuficiencia dos acordos → nin desarme nin sancións.
 - * Novas estratexias expansivas dos Estados revisionistas (Alemaña, Italia) e Xapón.
- Crise económica → Crise do sistema económico capitalista ⇒ Aumento do nacionalismo económico.
 - ↳ Enrarecemento das relacións internacionais.
 - ↳ Clima de inseguridade e desconfianza.
 - ↳ Deterioro da confianza no sistema liberal democrático.

1.1. FRACASO DA SDN E DA SEGURIDADE COLECTIVA

a) A VOLTA Á TENSIÓN (1929-1935)

A) EXPANSIONISMO XAPONÉS: MANCHURIA

- Crecemento demográfico de Xapón.
- Interrupción do comercio xaponés dende 1929.
- Substitución da política de expansión pacífica pola expansión imperialista militar.
- Ocupación de Manchuria (1931) co pretexto de protexer o ferrocarril controlado por Xapón desde 1905.
 - ↳ Estado títere (MANCHUKUO) co antigo emperador de China (Pu-Yi). → Protectorado de Xapón.
 - Impotencia da SDN.
 - Transixencia das potencias aliadas para evitar a posible guerra.

B) ALEMAÑA COMEZA A EXPANSIÓN TERRITORIAL

- 1930-32: Política exterior dos gobernos conservadores para recuperar a hexemonía económica en Centroeuropa.
 - ↳ Política exterior revisionista e de gran potencia.
- 1933: Hitler chanceler → Relación do expansionismo territorial co antisemitismo, antieslavismo e anticomunismo.
 - ↳ Construción dun *Lebensraum* (ESPAZO VITAL) alemán contra a URSS.
- Proxecto universalista ⇒ Alemaña dirixiría un Imperio que ocuparía Europa.
- 1934: Hitler presidente do III Reich ⇒ Máis interese pola política exterior que pola interior.
- Alemaña rexeita anteriores compromisos e abandona a SDN, sen pechar a actividade diplomática.
- 1932-33 → Rearme clandestino ata 1935.
 - Hitler denuncia as cláusulas militares de Versalles.
 - Restablecemento do servizo militar obrigatorio.
- 1934: Intento de *Anschluss* → O partido nazi austríaco intenta un golpe de Estado ⇒ Fracaso (escaso apoio popular).
- 1935: Plebiscito no Sarre decide a integración a Alemaña.

C) A POLÍTICA DE GRANDEZA ITALIANA

- 1932: Mussolini asume o Ministerio de Asuntos Exteriores.
 - ↳ Utilización da política exterior como instrumento de política interior.
 - ↳ Reforzamento da súa figura e do fascismo na sociedade italiana.
- Actuacións dentro do equilibrio europeo:
 - 1933: Pacto das 4 Potencias (Italia, Alemaña, Gran Bretaña, Francia).
 - 1935: Alianza antixermana (Italia, Gran Bretaña, Francia) en Stressa polo intento de *Anschluss*.
- 1932: Preparativos de invasión de Etiopía desde Somalia (colonia italiana).
 - ↳ 1936: Toma de Addis-Abeba → Sancións económicas da SDN.
 - ↳ Rexeitamento británico sen facer fronte ao desafío.

b) O PERÍODO DE PREGUERRA (1936-1939)

A) EXPANSIONISMO ALEMÁN EN EUROPA

- 1936: Ocupación da zona desmilitarizada de Renania.
 - ↳ Francia non reacciona e resposta británica limitada.
- III-1938: Invasión e anexión de Austria (*Anschluss*).
 - ↳ Substitución do presidente de goberno austríaco Schuschnigg polo nazi Seyss-Inquart.
 - ↳ Consentimento de Mussolini (que se opuxera en 1934).
 - ↳ Protesta diplomática de Gran Bretaña.
- 1938 → Desestabilización de Checoslovaquia por medio do Partido Nazi dos Sudetes.
 - ↳ **CONFERENCIA DE MUNICH** → Francia, Italia, Gr.Br., Alemaña (Ausentes: URSS, Checoslovaquia).
 - * Acceden ás reivindicacións de Alemaña para manter o *statu quo* europeo e evitar a guerra.
- * Precaria situación en Checoslovaquia
 - Alemaña ocupa os Sudetes.
 - Polonia reclama a rexión de Teschen.
 - Hungría reclama o sur de Eslovaquia.

- Aceleración do programa de rearme alemán ⇒ Obxectivos a escala mundial.
- 1939 → Alemaña ocupa Bohemia e Moravia (Chequia).
→ Eslovaquia protectorado alemán.
- Francia e Gran Bretaña dispostos a garantir a independencia de Polonia, próximo obxectivo alemán.
- 23-VIII-1939 → **Pacto Xermano-Soviético** de Non Agresión.
- 25-VIII-1939 → Oferta de acordo de Hitler a Gran Bretaña para dividir Europa.
- 1-IX-1939 → Alemaña invade Polonia e a URSS ocupa Polonia Oriental.
- B) FORMACIÓN DO EIXE TOTALITARIO**
- 1936 → **EIXE BERLÍN-ROMA** → Apoio a Franco na Guerra Civil española.
→ Cambio da política de Italia sobre Austria.
- 1937 → **PACTO ANTI-KOMINTERN** → Xapón, Alemaña (máis tarde Italia e España).
- 1938 → Hitler recoñece a posición hexemónica de Xapón en Oriente (e viceversa).
- Proxecto de VON RIBBENTROP ⇒ Crear alianzas contra o Imperio Británico.
↳ Obxectivo: ameazar as posicións británicas no maior número posible de zonas.
- 1939 → O Pacto Xermano-Soviético provoca a saída de Xapón do Pacto Anti-Komintern.
- 1939 → **PACTO DE ACEIRO** de Alemaña con Italia (Italia declara non estar disposta para unha guerra).

1.2. NOVA POLÍTICA DE ALIANZAS

- Disputas de carácter fronteirizo entre os novos Estados de Europa oriental.
- Illamento político de Alemaña e URSS.
- Década dos 30 ⇒ Deterioro das relacións entre Estados.

1.3. VIRAXES CARA Á GUERRA

- Ruptura de Francia con Alemaña e acercamento francés a Italia (1935) e URSS (1935).
- Ruptura de Gran Bretaña con Italia pola conquista de Abisinia.
- Aproximación de Italia a Alemaña e Xapón desde 1936.
- 1939: Pacto de *non agresión* entre Alemaña e URSS ⇒ Ruptura entre Alemaña e Gran Bretaña.
- 1940: Pacto Tripartito entre Alemaña, Italia e Xapón ⇒ Unión do resto do Eixe: Hungría, Romanía, Eslovaquia, Finlandia, Bulgaria e Croacia.

2. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

2.1. FASES DA GUERRA

1ª) TRIUNFOS DO EIXE (1939-1942)

- **Invasión de Polonia e Finlandia**
- 1-IX-1939: Alemaña invade Polonia ⇒ 3-IX: Francia e Gran Bretaña declaran a guerra.
- Avance rápido alemán → “guerra lóstrego” (*blitzkrieg*).
- Invasión rusa de Polonia oriental.
- Invasión de Finlandia pola URSS → bases no Báltico.
- **Fronte occidental**
- 1940: Ocupación alemá de Dinamarca e Noruega (abril).
 - Obxectivo → Francia → Ataque de distracción sobre Holanda e Bélxica (Plan de von Manstein).
→ Avance rápido polas Ardenas (tanques+aviación).
 - Maio 1940 → Capitulacións de Holanda, Bélxica e Francia (xuño).
 - División de Francia {
 - NO → Ocupación alemá.
 - Interior / S. → Goberno de PÉTAIN colaboracionista.
 - DE GAULLE → Organización da resistencia en Gran Bretaña.
- **Batalla de Inglaterra**
- CHURCHILL pide axuda a EEUU.
- Bombardeos continuos da Luftwaffe contra Inglaterra (1940).
↳ Necesidade de detección anticipada ⇒ radar.
- **Europa Oriental e Balcáns**
- URSS ocupa Besarabia e Bucovina (cedidas por Romanía).
↳ Invade Estonia, Letonia e Lituania.
- Romanía cede territorios obrigada por Hitler → Transilvania a Hungría.
→ Dobrudja a Bulgaria.
- Italia invade Grecia.
- Iugoslavia desaparece como Estado unitario → Aparecen Serbia e Croacia.

➤ Norte de África

- Al. quiere romper as comunicacións británicas coas súas colonias atacando as bases mediterráneas: Xibraltar, Malta, Exipto.
- Fracasos italianos en Exipto ⇒ Hitler envía reforzos: *Afrika Korps* (ROMMEL) → Avance no N. de África.
Nov. 1942 → Derrota no Alamein polos ingleses (MONTGOMERY) ◀

➤ Invasión da URSS

- Xuño 1941 → *Operación Barba Vermella* ⇒ Invasión alemá da URSS.
↳ Avance alemán detido ante Leningrado e Moscova.
↳ 1942 - Ofensiva alemá no Cáucaso (petróleo).
- Resistencia soviética en Stalingrado ⇒ Vitoria rusa (ZHUKOV)

➤ Guerra no Pacífico

- Ocupación da Indochina francesa ⇒ Sancións económicas de EEUU a Xapón.
- 7-XII-1941 → Ataque xaponés a PEARL HARBOUR (Hawai).
↳ EEUU e Gran Bretaña declaran a guerra a Xapón.
↳ Alemaña e Italia declaran a guerra a EEUU.
- Rápido avance nipón no Pacífico: Hong Kong, Filipinas, Singapur, Indonesia, Nova Guinea, illas Salomon, Birmania.
↳ Detención do avance → Batalla do MAR DO CORAL.
→ Batalla de MIDWAY (1942).

2ª) VIRAXE DA GUERRA E VITORIA DOS ALIADOS (1943-1945)

- Fin 1942-Inicio 1943 → Primeiras derrotas do Eixe (O Alamein, Stalingrado).
→ Ofensiva aliada.

➤ Campaña de Italia

- Desembarco aliado en Sicilia.
- Malestar na poboación italiana → Destitución de Mussolini (1943).
→ Armisticio e declaración de guerra a Alemaña.
- Proclamación da *República Social Italiana* en Saló (1943) con protección de Alemaña.
- Enfrontamento dos partisanos aos fascistas.
- Avance lento aliado (remate en abril 1945).

➤ Fronte Oriental

- Retroceso alemán na URSS despois da derrota en Stalingrado.
- Bombardeos aéreos sobre Alemaña → cidades arrasadas.

➤ Desembarco de Normandía e rendición de Alemaña

- 6-VI-1944 → *OPERACIÓN OVERLORD* (EISENHOWER) ⇒ Desembarco de Normandía (día D).
- Avance aliado cara a París.
- 2º desembarco en Provenza ⇒ expulsión das tropas alemás.
- Contraofensiva alemá e bombas voantes contra Londres sen efecto.
- 1945 → Os aliados cruzan o Rin.
- URSS ocupa os Balcáns e liberan Iugoslavia (Tito).
↳ Ocupación de Polonia e Hungría e chegada a Berlín.
- 30-IV → Suicidio de Hitler.
- 4-V → Capitulación de Alemaña.

➤ Final da guerra no Pacífico

- 1943 → Dobre avance de EEUU → Pacífico Sur (MacArthur).
→ Pacífico Central (Nimitz).
- Conquista americana de illas de importancia estratéxica.
- Bombardeos masivos a cidades e centros neuráxicos xaponeses.
- 1945 → IWO JIMA / OKINAWA → Resistencia xaponesa (kamikazes).
- 6-VIII → Bomba atómica sobre HIROSHIMA.
- 8-VIII → URSS declara a guerra a Xapón ⇒ Invasión soviética de Manchuria, Sakhalin e Kurís.
- 9-VIII → Bomba atómica sobre NAGASAKI.
- 15-VIII → Hiro-Hito acepta a rendición incondicional.
↳ 2-IX → Asíñase a rendición.

2.2. NOVAS FORMAS DE GUERRA

➤ Novas armas e estratexias de combate

- Armas autopropulsadas: tanques, vehículos acoirazados...
- Autonomía dos avións ⇒ ataques a distancia.
- Portaavións ⇒ aumenta a dimensión das batallas no mar.
- Puntos fundamentais na marcha da guerra: industrias e subministro de petróleo.
- Nova estratexia → GUERRA LÓSTREGO (tanques+aviación).

- Importancia da aviación ⇒ bombardeos nas fronteiras e á poboación civil.
- Novidades: jeep, lanzachamas, lanchas de desembarco, tanques anfíbios, radar, sonar, ≠ tipos de bombas, portaavións
- Propaganda e censura controlada polos contendentes.
 - **Explotación económica dos países conquistados polos nazis**
- Necesidade dos recursos dos territorios ocupados.
- Plans de ocupación e explotación sobre todo de Europa Oriental: pago dos gastos militares, deportacións de man de obra para industria e agricultura (Campos de traballo). ⇒ Mantense en Alemaña certo benestar durante parte da guerra.
 - **Colaboración e resistencia**
- Importancia da ideoloxía: cruzada contra o comunismo / defensa da democracia.
- Guerra interior ⇒ Enfrontamento case civil: - colaboracionistas / resistencia.
 - fascistas / partisanos.
- Forte represión contra a resistencia (Gestapo, SS, campos de concentración).
 - **Xermanización e xenocidio**
- Desprazamento de pobos para reocupar territorio con poboación aria en Europa oriental.
- Fases do holocausto:
 - 1) 1933-39 → Discriminación e desposesión dos xudeus.
 - 2) 1939-41 → Agrupación dos xudeus en ghettos e deportacións.
 - 3) 1942-44 → *Solución final* (1942-Conferencia de Wannsee).
- Novo modelo de campo de concentración: exterminio ou explotación da forza de traballo.
- Opositores políticos, prisioneiros, homosexuais, enfermos mentais, pobos considerados inferiores (xudeus, xitanos).
- 1933 → 1º campo de traballo: Dachau.
- 1940 → Crecemento do número e dimensión dos campos: Auschwitz, Treblinka, Mathausen.
- Xuízos de NUREMBERG.

2.3. CONSECUENCIAS DA GUERRA

1. PERDAS HUMANAS

- Extensión mundial da guerra e os seus efectos: invasións, bombardeos, mortes, deportacións, xenocidio, exterminio.
- Enorme número de mortos (máis da metade poboación civil): URSS, Polonia, Alemaña, Checoslovaquia.
- Desprazamentos de poboación polos cambios de fronteiras.

2. EFECTOS MORAIS

- Trauma moral e cuestionamento dos valores éticos: execucións en masa, bombas atómicas, bombardeos masivos...
- Xenocidio e campos de exterminio.
- 1945-46: **Xuízos de Nuremberg** ⇒ Definición do concepto de **crimes contra a humanidade**.

3. CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

- Destrución de cidades, industrias e infraestruturas, desartellamento produtivo, problemas de aprovisionamento.
- Problema das débedas adquiridas durante a guerra.
- Fortalecemento da economía dos EEUU e declive de Europa.
- URSS segunda potencia mundial ⇒ conserva a súa industria e controla Europa Oriental.

4. CONSECUENCIAS POLÍTICAS

- Expansión do comunismo → Democracias populares en Europa Or. (zona ocupada polo exército soviético).
- Europa Occidental → Democracia social de dereito ⇒ bases do “Estado do Benestar”.

5. CIENTÍFICO-TÉCNICAS

- Acelérase a revolución científico-técnica
 - Química.
 - Comunicacions.
 - Enerxía nuclear.

3. A ORGANIZACIÓN DA PAZ E AS NAÇÕES UNIDAS

3.1. A ORGANIZACIÓN DA PAZ

- 1941 → CARTA DO ATLÁNTICO: EEUU, Gran Bretaña ⇒ Bases da futura paz: liberdade, colaboración económica, destrución dos nazis, desarmamento...
- 1942 → DECLARACIÓN DE WASHINGTON: EEUU, Gran Bretaña e URSS encabezan unha alianza contra o Eixe.
- 1943 → DECLARACIÓN DE MOSCOVA ⇒ Proposta dunha organización internacional baseada na igualdade de todos os Estados para o mantemento da paz.
- 1945 → **CONFERENCIA DE IALTA**: Churchill, Stalin, Roosevelt.
 - ↳ Convocatoria aos aliados (*nacións unidas*) a unha reunión en San Francisco.
 - ↳ Declaración sobre a restauración da democracia nos países liberados.
 - ↳ Reparto de Alemaña e reparacións de guerra.
 - ↳ Administración de Polonia por un goberno de unidade nacional.
 - ↳ Eleccións libres nos países liberados.

- ↳ Stalin mantén a parte polaca e os Estados bálticos anexionados en 1939.
- ↳ Compromiso de Stalin a declarar a guerra a Xapón (a cambio pide territorios).
- 1945 → **CONFERENCIA DE POSTDAM**: Stalin, Atlee, Truman.
 - ↳ División de Alemaña (e Berlín) e Austria en 4 zonas de ocupación (EEUU, URSS, Gran Bretaña, Francia).
 - ↳ Desarme e desnazificación.
 - ↳ Xuízo aos criminais de guerra (Xuízo de Nuremberg).
 - ↳ Fixación das reparacións de guerra alemás (Gran parte para a URSS).
 - ↳ Restitución das fronteiras cambiadas polos nazis.
 - ↳ A URSS anexionase - territorios conquistados en Europa Oriental e no Báltico.
 - Königsberg (Prusia Oriental).
 - ↳ Fronteira Alemaña/Polonia → ríos Oder e Neisse.
 - ↳ Traslado das poboacións alemás que estaban en Polonia, Checoslovaquia e Hungría.
- Control soviético de Europa central e balcánica
- Crecente dependencia de Europa Occidental e mediterránea de EEUU } ⇒ Novo equilibrio de poder
- Rendición de Xapón → Ocupación de EEUU (Goberno militar de MacArthur).
 - Transformación do sistema político e económico.
 - Redución do territorio ao arquipélago.
 - Devolución de Manchuria e Formosa a China.
 - Rusia anexiona o sur de Sajalín e as Kurís.
 - División de Corea no paralelo 38°N (N-URSS//S-EEUU).
- 1947 → Paz asinada con Italia, Finlandia, Hungría, Romanía, Bulgaria (TRATADOS DE PARÍS).
- 1951 → TRATADO DE SAN FRANCISCO ⇒ Paz con Xapón.
- 1955 → Paz con Austria.
- Problema alemán pendente.
- Progresivo enfrontamento entre 2 potencias (EEUU, URSS) ⇒ **GUERRA FRÍA**.
- Europa perde o papel protagonista.

3.2. ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS

- 1944 → Reunión de DUMBARTON OAKS: URSS, EEUU, China, Gran Bretaña.
 - ↳ Borrador da futura organización internacional:
 - Renovación dos principios da SDN.
 - Creación do VETO para as grandes potencias.
 - Principios oligárquicos (hexemonía duns poucos).
- **1945: CONFERENCIA DE SAN FRANCISCO**
 - ↳ Acta fundacional da ONU: CARTA DE SAN FRANCISCO (fixa organismos e funcionamento).
- **1948: DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS.**

➤ OBXECTIVOS:

- Manter a paz e a seguridade internacionais.
- Desenvolvemento de relacións amigables entre as nacións baseadas no respecto á igualdade de dereitos e á autodeterminación dos pobos.
- Cooperar na resolución de problemas internacionais de carácter económico, social, cultural ou humanitario e na promoción do respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais para todos os pobos.
- Ser un centro para harmonizar os actos das nacións para obter os fins comúns.

➤ OBSTÁCULOS:

- Instrumentalización polos Estados en función dos seus propios intereses, rexeitando a transferencia real de soberanía.
- Escasa autoridade real das resolucións da ONU → valor testemuñal.
- Condicionante: estrutura bipolar do mundo de posguerra, co enfrontamento entre os sistemas capitalista e comunista.

➤ ORGANISMOS:

✱ ASSEMBLEA XERAL (Sede en Nova York)

- Órgano de deliberación formado por todos os países membros con dereito a un voto por Estado.
- Reunión unha vez/ano → Traballo en pleno e en comisións.
- Decisións sen carácter obrigatorio para os Estados membros: “recomendacións”.
- As decisións importantes necesitan maioría de $\frac{2}{3}$; as demais, maioría simple.
- Posibilidade de reunión extraordinaria a petición do Consello de Seguridade ou da maioría dos membros.

- Funcións → Discusión sobre asuntos que afecten á seguridade e á paz internacional presentado por calquera dos Estados membros.
 - Aprobación de presupostos.
 - Admisión ou expulsión dalgún Estado.
 - Elección de membros non permanentes do Consello de Seguridade e do Secretario Xeral.

× CONSELLO DE SEGURIDADE

- Órgano permanente da ONU.
- Responsable do mantemento da paz e da seguridade internacionais.
- Capacidade para impoñer sancións contra un país agresor ou para decidir o emprego da forza armada (Cascos Azuis).
- Composto por 15 países: → 5 permanentes con dereito a veto: EEUU, URSS, China, Francia, Gran Bretaña.
→ 10 elixidos pola Asemblea por 2 anos (antes de 1965 eran 6).
- Presidencia rotatoria por períodos de un mes (orde alfabética).

× SECRETARÍA XERAL

- Encargada da coordinación xeral e da representación da ONU.
- Composta polo **Secretario Xeral** e os funcionarios ao seu servizo.
 - ↳ Elixido pola Asemblea previa recomendación do Consello de Seguridade.
 - ↳ Mandato de 5 anos con posible reelección.
- TRYGVE LIE (Noruega) 1945-53 → Anticomunista, símbolo do enfrontamento L-O nos inicios da G.Fría.
- DAG HAMMARSKJÖLD (Suecia) 1953-61
- U THANT (Birmania) 1961-71
- KURT WALDHEIM (Austria) 1971-82 → Universalización da ONU. Entrada da China comunista (1971) e das dúas Alemañas (1973).
- J. PÉREZ DE CUÉLLAR (Perú) 1982-91 → As forzas armadas da ONU (Cascos Azuis) interveñen nos principais conflitos e convértese nunha forza eficaz e de prestixio.
- BOUTROS-GHALI (Exipto) 1992-96 → Revitalización do papel da ONU cun “Programa da Paz” para previr os conflitos.
- KOFI ANNAN (Ghana) 1997-2006.
- BAN KI MOON (Corea do Sur) 2007-...

× CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL

- Coordina os asuntos internacionais de carácter económico, social, cultural, educativo e sanitario.
- Promove o respecto aos dereitos humanos.
- Negociación coas axencias especializadas.
- Celebración de consultas coas ONGs.
- 54 membros elixidos pola Asemblea (criterios xeográficos) por 3 anos.
 - ↳ Os membros permanentes do Consello de Seguridade participan por dereito propio.
- **Organismos dependentes:**
 - Organismos da ONU: ACNUR, AIEA (Axencia Internacional da Enerxía Atómica), ONUDI (Org. da ONU para o Desenvolvemento Industrial), UNICEF, UNCTAD (Conferencia sobre Comercio e Desenvolvemento).
 - Axencias especializadas: BIRD (Banco Mundial), FAO, OIT, FMI, UNESCO, OMS, UPU (Unión Postal Universal), OMM (Org. Mundial de Meteoroloxía), GATT (Acordo Xeral de Aranceis e Comercio), UIT (Unión Internacional de Telecomunicacións), OIAC (Organización Internacional de Aviación Civil).
 - Comisións económicas: CEE (Europa), CEAL (Asia), CEA (Africa), CEPAL (América).
 - Comisións especiais: Estatística, Poboación, Muller, Drogas, Información, Dereitos Humanos, Comercio.

× TRIBUNAL INTERNACIONAL DE XUSTIZA

- Órgano xurídico (Sede: A Haia).
- 15 xuíces elixidos pola Asemblea Xeral e polo Consello de Seguridade por 9 anos.
- Competencias → Consultivas (emitir opinións).
→ Contenciosas (dirimir conflitos).

× CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN FIDUCIARIA

- Encargado de protexer os intereses dos habitantes dos territorios non autónomos, sobre todo colonias dos países derrotados nas dúas guerras mundiais, os FIDEICOMISOS, postos baixo a autoridade da ONU.